

## **OBRADOIROS DE MARZO**

## **CONFERENCIAS FANTÁSTICAS**

**DOMINGOS 7, 14, 21 e 28 DE MARZO**

**PARA NENOS/AS A PARTIR DOS 4 ANOS.**

**12 HORAS. 1 € / ASISTENTE**

As **Conferencias fantásticas** son un espectáculo dirixido a todos os públicos nos que de forma lúdica, pero á vez pedagóxica, cada semana se introduce aos participantes nun tema protagonista na Casa das Palabras. Cada unha destas conferencias é teatralizada e con grandes doses de humor, de forma que resulte dinámica e amena.



A protagonista de cada historia utilizará todo tipo de materiais para ilustrar as súas palabras, e tras unha breve presentación da materia a tratar porá en escea un relato cuxo argumento xire ao redor do motivo principal da conferencia e co que se estimulará a curiosidade dos oíntes, que terán ademais que participar activamente no desenvolvemento do mesmo.

### **Domingo 7 de marzo. Babel. A xente que escribía palabras nos ladrillos**

A Torre de Babel está en plena construción. Cal era o idioma co que se comunicaba a xente da torre? Falaremos das palabras que se escribían, dos desexos e preocupacións dos seus protagonistas, do aspecto da torre que ía ser a máis alta de todos os tempos. Isto, claro, antes de que Deus tomase unha decisión...

### **Domingo 14 de marzo. A historia do libro**

Nesta conferencia seguiremos as pegadas dos protagonistas que escribiron a historia do libro. Que é un rolo? E un códice? A que se dedicaba Gutenberg antes de imprimir libros? Como se transportaban os primeiros libros? Que máquinas se ideaban para ler varios libros á vez? Estas curiosidades e moitas máis nunha conferencia chea de imaxes.

### **Domingo 21 de marzo. Caderno de viaxe**

Quen empezou a narrar as súas aventuras fóra da casa? Nesta conferencia que fala de viaxes reais e fantásticas buscaremos as orixes da literatura de viaxe, leremos fragmentos, e sobre todo faremos viaxar a imaxinación a través de terras descoñecidas.

### **Domingo 28 de marzo. E todo comezou cun grito... melodioso**

Saltando de nota en nota veremos que non fai falta "saber ler música" para disfrutala, mesmo para facela... Recrearemos así unha pequena historia chea de instrumentos.

**AFORAMENTO LIMITADO A 50 ASISTENTES.**

**ENTRADA POR RIGOROSA ORDE DE CHEGADA.**